# Na Catedral

Rosalía de Castro

Coma algún día, polos corrunchos
do vasto tempro
vellos e vellas, mentras monean
silban as salves i os padrenuestros,
i os arcebispos nos seus sepulcros,
reises e reinas, con gran sosego
na paz dos marmores tranquilos dormen
mentras no coro cantan os cregos.
O órgano lanza tristes cramores,
os das campanas responden lexos,
i a santa imaxen do Redentore
parés que suda sangre no Huerto

Señor Santísimo, aos teus pes, ¡canto
tamén de angustia sudado teño!
Mais si o pecado castiga sempre,
ao que afrixido vai a pedircho
daslle remedio.

O sol poniente, polas vidreiras
da Soledade, lanza serenos
raios que firen descoloridos
da Groria os ánxeles i o Padre Eterno.
Santos i apóstoles, ¡védeos! parece
que os labios moven, que falan quedo
os uns cos outros: i aló na altura
do ceo a música vai dar comenzo,

pois os groriosos concertadores
tempran risoños os istrumentos.

¿Estarán vivos?, ¿serán de pedra
aqués sembrantes tan verdadeiros,
aquelas túnicas maravillosas,
aqueles ollos de vida cheos?
Vós que os fixeches de Dios coa axuda,
de inmortal nome, Mestre Mateo:
xa que ahí quedaches homildemente
arrodillado, faláime de eso;
mais co eses vosos cabelos rizos
Santo dos croques, calás... i eu rezo.

Aquí está a Groria, mais naquel lado,
naquela arcada, negrexa o inferno
cas almas tristes dos condenados,
donde as devoran todolos demos.
Dali non podo quitalos ollos,
mitá asombrada, mitá con medo,

que aqueles todos se me figuran
os dun delirio mortaes espeutros.

¡Cómo me miran eses calabres
i aqueles deños!
¡Cómo me miran, fecendo moecas
dende as colunas onde os puxeron!
¿Será mentira, será verdade?
¡Santos do ceo!
¿Saberán eles que son a mesma
daqueles tempos?...
Pero xa orfa, pero enloitada,
pero insensibre cal eles mesmos...
¡Cómo me firen!... Voume, si, voume,
¡que teño medo!

Mais xa nos vidros da grande araña
cai o postreiro
raio tranquilo que o sol da tarde
pousa sereno;
i en cada prancha da araña hermosa
vivos refrexos,
cintileando coma as estrelas,
pintan mil cores no chan caendo
e fan que a tola da fantesía
soñe milagres, finxa portentos.
Mais de repente veñen as sombras...,
todo é negrura, todo é misterio...
Adiós alxofres e maravillas...
tras do Pedroso púxose Febo.

Coma pantasmas cruzan as naves
silbando salves e padrenuestros
vellos e vellas que a Dios lle piden,
Él tan só sabe cáles remedios;
que cando o mundo nos deixa, é soio
cando buscamos con ansia o ceo.

Ós pes da Virxe da Soledade
–¡de moitos anos nos conocemos!...–
a oración dixen que antes decía,
fixen mamoria dos meus sacretos:
Para mi madre deixéi cariños,
para os meus fillos miles de beixos,
polos verdugos do meu esprito
recéi... ¡e funme, pois tiña medo!

*(FOLLAS NOVAS. Ediciones Castrelos - Vigo. 1980)*